

# Organización do Proceso Asistencial de Cardiopatía Isquémica Crónica na Área do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago De Compostela

Documento consensuado entre o Servizo de Cardioloxía e  
Atención Primaria de Santiago de Compostela e Pontevedra



**Edición Bilingüe Galego/Castelán**

**XUNTA DE GALICIA**



ORGANIZACIÓN DO  
PROCESO ASISTENCIAL DE  
**CARDIOPATÍA ISQUÉMICA  
CRÓNICA**

NA ÁREA DO COMPLEXO  
HOSPITALARIO UNIVERSITARIO  
DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Documento consensuado entre o Servizo de Cardioloxía e  
Atención Primaria de Santiago de Compostela e Pontevedra.



SERVIZO  
GALEGO  
de SAÚDE

**Complexo Hospitalario Universitario  
de Santiago de Compostela**  
Santiago de Compostela

Edita: Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela

Depósito Legal: C 1482-2011

Imprime: GRAFINOVA, S. A. - Santiago de Compostela

## **Equipo de traballo**

José Ramón González Juanatey,  
*Servizo de Cardiología do CHUS.*

Alfonso Varela Román,  
*Servizo de Cardiología do CHUS.*

Pilar Mazón Ramos,  
*Servizo de Cardiología do CHUS.*

María Victoria Reino Maceira,  
*Servizo de Cardiología do CHUS.*

Carmen Otero Barreiro,  
*Servizo de Cardiología do CHUS.*

Luís Meijide Calvo,  
*Xerencia Atención Primaria de Pontevedra.  
Centro de Saúde da Estrada.*

Jesús Sueiro Justel,  
*Xerencia Atención Primaria de Santiago.  
CS Concepción Arenal de Santiago de Compostela.*

Manuel Portela Romero,  
*Xerencia Atención Primaria de Santiago de Compostela.  
Centro de Saúde de Padrón.*

María Fernanda Beceiro Díaz,  
*Enfermeira da Estrada.*



## ÍNDICE

---

|  |         |
|--|---------|
| 1- ANÁLISE DE SITUACIÓN .....                        | Páx. 9  |
| 2- ELEMENTOS IMPLICADOS E FILOSOFÍA DO PROCESO ..... | Páx. 13 |
| 3- FASES DO PROCESO .....                            | Páx. 17 |
| A- DIAGNÓSTICOS E ESTRATIFICACIÓN DE RISCO .....     | Páx. 17 |
| B- INSTAURACIÓN DE TRATAMENTO ÓPTIMO .....           | Páx. 20 |
| C- SEGUIMIENTO E PREVENCIÓN EVENTOS CV .....         | Páx. 25 |
| D- TRATAMENTO EVENTOS CV E DESCOMPENSACIÓNS .....    | Páx. 30 |
| 4- SISTEMAS DE INFORMACIÓN .....                     | Páx. 35 |
| 5- CALIDADE .....                                    | Páx. 39 |
| 6- PROGRAMA EDUCATIVO EN PACIENTES CORONARIOS .....  | Páx. 43 |
| 7- BIBLIOGRAFÍA .....                                | Páx. 49 |






## 1. ANÁLISE DE SITUACIÓN



## 1- ANÁLISE DE SITUACIÓN

A cardiopatía isquémica crónica é o principal motivo de consultas sucesivas no noso servizo –representa aproximadamente a metade–, o que significa máis de 6000 consultas anuais. O prognóstico desta entidade é relativamente benigno, con taxas de mortalidade anual inferior ao 2% e baixas taxas anuais de eventos cardiovasculares, tal como pode verse na figura 1.

Figura 1. Taxas anuais de eventos cardiovasculares en pacientes con cardiopatía isquémica crónica, no Rexistro REACH



Steg PG et al. JAMA. 2007;297: 1197-1206.

Os pacientes portadores de cardiopatía isquémica crónica con risco elevado de presentar novos eventos cardiovasculares enuméranse na táboa 1.

Táboa 1. Pacientes portadores de CI crónica con alto risco de presentar novos eventos cardiovasculares

1. Síndrome coronaria aguda recente
2. Disfunción ventricular esquerda
3. Enfermidade coronaria severa (tronco ou 3 vasos) non revascularizada
4. Pacientes con isquemia severa non revascularizada
5. Pobre clase funcional para anxina ou dispnea (clase III ou IV NYHA)
6. Pacientes con revascularización incompleta

Se excluimos estos pacientes, aínda queda unha elevada porcentaxe de casos nos que non existe un risco cardiovascular especialmente elevado e nos que o tratamento debe orientarse ao control estrito de factores de risco cardiovascular, coa intención de previr novos eventos coronarios. Nestes casos, o seguimento debería realizarse en atención primaria, en especial naqueles pacientes cun diagnóstico e tratamento óptimo e que, tras un período de seguimento razoable (6 meses-1 ano), non presentasen novos eventos.



## 2. ELEMENTOS IMPLICADOS E FILOSOFÍA DO PROCESO



## 2- ELEMENTOS IMPLICADOS E FILOSOFÍA DO PROCESO

Os **elementos implicados** no desenvolvemento deste proceso deben ser:

Atención Primaria

- Xerencia
- Médicos Atención Primaria
- Enfermeiras Atención Primaria

CHUS

- Xerencia
- Servizo de Cardioloxía
- Servizo de Admisión de Enfermos

A **filosofía** que debe rexer este proceso debe ser a seguinte:

- 1- O **paciente** coas súas expectativas e necesidades é o **centro do proceso** e os diferentes profesionais implicados deben de adaptar a súa actuación a estas necesidades.
- 2- Definir as funcións e os momentos de actuación ao longo do proceso dos diferentes **profesionais implicados**, co obxecto de evitar duplicidades e mellorar a eficiencia do proceso.
  - a. O **cardiólogo** debe ser o responsable do correcto diagnóstico e da elaboración dun plan de tratamento, baseado en guías de práctica clínica, dirixido a previr eventos. Tamén debe reavaliar o paciente en casos de evolución desfavorable.
  - b. A **enfermería das consultas de Cardioloxía** debe implicarse na educación do paciente e no seguimento e control de factores de risco cardiovascular durante a fase de seguimento na consulta de Cardioloxía
  - c. O **médico de Atención Primaria**, responsable do seguimento crónico do paciente estable, debe darlle continuidade á estratexia terapéutica proposta polo cardiólogo e identificar aqueles pacientes con evolución clínica desfavorable para que sexan reavaliados.
  - d. A **enfermería de Atención Primaria** debe darlle continuidade ao programa educativo iniciado durante a fase de seguimento hospitalario e tamén ao plan de cuidados de enfermería.
- 3- Aplicación de **guías de práctica clínica**.

Elaboración de **protocolos consensuados** basados en guías de práctica clínica que aseguren a aplicación destas de forma homoxénea e continua nos diferentes niveis e servizos.

- 4- Utilizar sistemas de información, baseados no IANUS, que
  - a. Faciliten a continuidade asistencial entre distintos servizos e niveis asistenciais.
  - b. Permitan, a través de indicadores predefinidos, medir o proceso, en termos de calidade, cantidade e custo, coa intención de introducir mello-ras.
  - c. Sexan ferramentas útiles para a investigación clínica.

O **obxectivo final** é asegurar un correcto diagnóstico e aplicación dun tratamento óptimo, baseado nas guías de práctica clínica, dirixido a **evitar novos eventos cardiovasculares**. Os pacientes estables derívanse a Atención Primaria para o seu seguimento.




### 3. FASES DO PROCESO



### 3- FASES DO PROCESO

As distintas fases do proceso podémolas ver esquematizadas na figura 2.


Figura 2. Fases do proceso de cardiopatía isquémica crónica



#### 3A. FASE DE DIAGNÓSTICO E ESTRATIFICACIÓN DE RISCO

Na primeira fase de diagnóstico, o elemento clave radica na **accesibilidade ao especialista**. No noso caso, realízase a través das **consultas de acto único**, nas que existe capacidade para a realización de técnicas diagnósticas específicas, como a ecocardiografía, a ergometría e o Holter, no mesmo día da consulta, co que é posible en practicamente todos os casos establecer un diagnóstico definitivo, acompañado dunha completa avaliación cardiolóxica.

PROTOCOLO DE DERIVACIÓN DE PACIENTES DENEDE ATENCIÓN PRIMARIA



(\*) Determinado segundo táboas de RCV (Euroscore, REGICOR...)

### 1- CARACTERÍSTICAS DA DOR TORÁCICA (CRITERIOS DE DIAMOND)

- Retroesternal, opresiva/constritiva/queimante, duración minutos
- Provocado por exercicio ou estrés emocional
- Aliviado por repouso ou NTG

**Dor torácica non anxinosa:** 0-1 trazos típicos

**Anxina atípica:** 2 trazos típicos

**Angor típico:** 3 trazos típicos

## 2- PROBABILIDADE DE C. ISQUÉMICA\* EN %

| Dor torácica non anginoso |       |          | Anxina atípica |          | Anxina típica |          |
|---------------------------|-------|----------|----------------|----------|---------------|----------|
| Idade                     | Homes | Mulleres | Homes          | Mulleres | Homes         | Mulleres |
| 30-39                     | 4     | 2        | 34             | 12       | 76            | 26       |
| 40-49                     | 13    | 3        | 51             | 22       | 87            | 55       |
| 50-59                     | 20    | 7        | 65             | 61       | 93            | 73       |
| 60-69                     | 27    | 14       | 72             | 51       | 94            | 86       |

\* En pacientes de baixa probabilidade clínica, hai que valorar o risco CV segundo as táboas. Poderíase considerar o test de isquemia en pacientes con risco alto ou moi alto.

## 3- INTERVENCIÓN DO MÉDICO DE FAMILIA


- **HC e exploración física:** AF de ECV precoz, FRCV, hábitos e estilo de vida, bioquímica con perfil lipídico, ECG e, se é posible, RX tórax.
- **Iniciar tratamento:** AAS, NT sublingual, valorar betabloqueantes, nitratos /calcioantagonistas/outros, control de FRCV.

Outra forma de entrada no proceso constitúena os **pacientes dados de alta na planta de hospitalización** por sufrir un evento coronario agudo. Neste caso, a avaliación completa realízase durante o ingreso e son valorados nunha consulta específica, que se realiza dous días por semana.

### 3B. INSTAURACIÓN DE TRATAMIENTO ÓPTIMO

Unha vez establecido o diagnóstico, pásase á seguinte fase do proceso na que o elemento clave é a **optimización terapéutica**, tal como pode verse na figura 3.

Figura 3. Fases do proceso de cardiopatía isquémica crónica




A clave nesta fase é **planificar a estratexia terapéutica de acordo coas guías de práctica clínica** e a elaboración de **informes claros** que conteñan información abonda sobre o diagnóstico, o plan terapéutico e os seus obxectivos. Nesta fase é esencial o **papel da enfermería** para iniciar o proceso educativo do paciente ou ben para lle dar continuidade ao proceso educativo iniciado en moitos pacientes durante o seu ingreso hospitalario.

Dende principios deste ano 2008 está a levarse a cabo un **programa educativo para pacientes hospitalizados con síndrome coronaria aguda**, elaborada, desenvolvida pola enfermería da Unidade Coronaria e realizada pola enfermería da Unidade Coronaria e a planta de hospitalización. Neste programa realízanse diferentes accións educativas, as máis destacables son as **sesións de grupo** con presentación powerpoint de periodicidade semanal e levadas a cabo pola enfermería da Unidade Coronaria e entrega dun **tríptico con información básica** sobre a enfermidade, os hábitos de vida saudables e medidas de autocoidado. Estas accións deben ter **continuidade na consulta de Cardioloxía**.


A fase de optimización de tratamento debe realizarse en **colaboración con Atención Primaria**, deben manterse consultas de revisión en Cardioloxía por un

tempo razoable (6 meses-1ano), ata que se optimice o tratamento e se comprobese a evolución favorable.

SEGUIMIENTO EN CONSULTA EXTERNA DE CARDIOLOXÍA TRAS HOSPITALIZACIÓN



SEGUIMIENTO EN CONSULTA DE CARDIOLOXÍA TRAS  
DIAGNÓSTICO AMBULATORIO DE CARDIOPATÍA ISQUÉMICA



**- Pacientes**

Existen dous grandes grupos de pacientes atendidos en consultas de seguimento:

- a- Pacientes con diagnóstico baseado en probas de detección de isquemia non invasivas, nos que se optou por tratamento farmacolóxico e que non foron hospitalizados.
- b- Pacientes con hospitalización previa por evento coronario agudo.

**- Obxectivos do seguimento**

- a- Optimizar diagnóstico e tratamento e conseguir a estabilidade clínica:
  - Completar probas diagnósticas.
  - Adecuar a estratexia terapéutica ás guías de práctica clínica.
  - Titular fármacos e valorar a necesidade de estratexias intervencionistas.

- b- Realizar actividade educativa dirixida a pacientes e familiares:
  - Modificar o estilo de vida.
  - Coñecer signos de alarma.
  - Autocoidado.
  - Seguimento terapéutico.
- c- Definir obxectivos e planificar a estratexia terapéutica para optimizar o control de factores de risco cardiovascular, de forma conxunta con Atención Primaria.

**- Periodicidade das consultas**

- a- Primeira revisión tras o diagnóstico
  - a. Pacientes sen hospitalización previa, diagnosticados na súa maioría na consulta de acto único ou ben na unidade de dor torácica hospitalaria:
    - i. Serán vistos na consulta xeral de seguimento.
    - ii. Idealmente antes de tres meses.
    - iii. Achegarán analítica xeral que inclúa hemograma, probas de función renal e hepática, encimas musculares (CPK, LDH) perfil lipídico, glicemia basal e HbA1c en diabéticos
    - iv. Valorarase en función da evolución clínica a realización de novos estudos complementarios (test de isquemia, ecocardiograma, estudos invasivos)
    - v. Optimizaranse doses de fármacos antiisquémicos.
    - vi. Continuarase o programa educativo.
    - vii. Prográmase unha nova revisión (rutineira/Individualizada).
  - b. Pacientes con hospitalización previa por evento coronario agudo ou revascularización:
    - i. Serán vistos na consulta postalta.
    - ii. Idealmente no prazo de dous ou tres meses.
    - iii. Achegarán analítica xeral que inclúa hemograma, probas de función renal e hepática, encimas musculares (CPK, LDH) perfil lipídico, glicemia basal e HbA1c en diabéticos (solicitarase no momento da alta hospitalaria).
    - iv. Optimizaranse doses de fármacos antiisquémicos.
    - v. Continuarase o programa educativo.

vi. Prográmase unha nova revisión (rutineira/individualizada).

b- Revisións sucesivas

a. Rutineira:

- i. Paciente con evolución clínica favorable na primeira revisión tras o diagnóstico, no que non se solicitan novos test diagnósticos nin se modifica de forma substancial o tratamento. Idealmente nun prazo aproximado de seis a nove meses.
- ii. Paciente con evolución clínica favorable logo da revisión individualizada, tras a que non se solicitan novos test diagnósticos nin se modifica de forma substancial o tratamento. A criterio de cardiólogo, nun prazo non superior a seis a nove meses.
- iii. Valorar a derivación a Atención Primaria se cumpre os criterios establecidos (completado un ano de seguimento).
- iv. **Valorar clase funcional e estabilidade clínica.**
- v. **Comprobar o seguimento terapéutico e posibles efectos secundarios.**
- vi. **Grao de control de factores de risco (achegará controis analíticos e doutros factores de risco realizados durante este tempo en atención primaria).**
- vii. **Reforzo educativo.**
- viii. Reavaliar tratamento antiagregante a longo prazo (valorar necesidade dobre antiagregación).
- ix. Elaborar o informe de alta a Atención Primaria se procede.
- x. Programar a nova revisión se non cumpre criterios para derivación a Atención Primaria (individualizada).

b. Individualizada:


- i. Paciente con evolución clínica desfavorable na primeira revisión ou sucesivas:
  1. Manifestacións clínicas de isquemia (anxina, isquemia ECG).
  2. Disfunción ventricular con repercusión clínica.
  3. Síncope.
  4. Arritmias graves.

5. Modificación terapéutica substancial que requiran control a curto medio prazo (antiarrítmicos, tratamento insuficiencia cardíaca, efectos secundarios graves de tratamento previo).
  - ii. Prazo variable, a criterio do cardiólogo.
  - iii. **Valorar clase funcional e estabilidade clínica.**
  - iv. **Comprobar o seguimento terapéutico e os posibles efectos secundarios.**
  - v. **Grao de control de factores de risco (achegará controis analíticos e doutros factores de risco realizados durante este tempo en Atención Primaria).**
  - vi. **Reforzo educativo.**
  - vii. Elaborar o informe de alta a Atención Primaria se procede.
  - viii. Programar a nova revisión se non cumpre criterios para derivación a Atención Primaria (individualizada).

### 3C. SEGUIMIENTO E PREVENCIÓN DE EVENTOS CV

Logo de completar o proceso de diagnóstico e optimización terapéutica, entramos nunha fase do proceso na que o principal obxectivo é previr novos eventos cardiovasculares e descompensacións, tal como pode verse na figura 4.

Figura 4. Fases do proceso de cardiopatía isquémica crónica



Nesta fase, o obxectivo é manter a estabilidade do paciente e darlles continuidade aos programas educativos e manter o tratamento baseado en guías de práctica clínica, con axuste deste en función dos obxectivos terapéuticos consensuados. Esta fase debe ser realizada basicamente en Atención Primaria e para iso débense consensuar uns criterios de derivación de pacientes nos que se defina a estabilidade clínica. É tamén fundamental darlle continuidade ao programa educativo de enfermería, iniciado na fase hospitalaria, e para iso é esencial a implicación da enfermería de Atención Primaria no proceso.

**- Criterios de derivación de pacientes con cardiopatía isquémica crónica a Atención Primaria para o seu seguimento.**

Os pacientes serán derivados a Atención Primaria para o seu seguimento cando se consigan os seguintes obxectivos:

**A. Estabilidade clínica**

**B. Diagnóstico completo**

**C. Tratamento óptimo**

A. Considerarase que un paciente se atopa **estable clinicamente** cando:

- Pacientes sen síntomas de isquemia residual (anxina ou equivalentes), disfunción ventricular (dispnea) nin de arritmias (síncope) e que non precisaron hospitalización cardiovascular nos últimos seis a nove meses.
- Pacientes con clínica de anxina ou dispnea estable, clase I-II, que non se modificou nos últimos seis a nove meses e que neste período non precisaron hospitalización.

B. Considerarase que existe un **diagnóstico completo** cando se cumpren as seguintes condicións:

- Determinación de función ventricular
- Test de confirmación diagnóstico (indución de isquemia ou anatómicos)
- Avaliación de factores de risco cardiovascular maiores

C. Considerarase que o **tratamento é óptimo** cando:

- Está iniciado o **programa educativo para pacientes con cardiopatía isquémica**, dirixido a mellorar o coñecemento da enfermidade e fomentar o autocoidado entre o paciente e os seus cuidadores.
- Están introducidos todos aqueles tratamentos farmacolóxicos recomendados polas GPC como clase I, para os que non exista contraindicación absoluta.

- Estean titulados os fármacos ata as doses recomendadas e se comprobouse a seguridade e tolerabilidade destes.
- Non é previsible que a curto-medio prazo (1 ano) vaian necesitar un tratamento non farmacolóxico específico (dispositivos, transplante, cirurxía etc.).

#### - Informe clínico de derivación a Atención Primaria

A todos os pacientes derivados a Atención Primaria dende as consultas de cardioloxía se lles deberá entregar un informe clínico de derivación no que constará:

- Clase funcional basal.
- Diagnóstico etiolóxico.
- Resultados de últimas probas complementarias realizadas (ecocardio, ECG, laboratorio), facendo constar as datas de realización.
- Tratamento habitual.
- Obxectivos terapéuticos de factores de risco cardiovascular maiores.
- Idoneidade do paciente para seguimento en Atención Primaria, “utilizando expresións tipo unha vez que finalizamos o estudo do seu problema cardíaco, o seguimento do seu problema realizarao o seu médico de Atención Primaria e enfermeira” ou “a súa situación actual permite que o seguimento e axuste da súa medicación poida ser realizado polo seu médico de cabeceira”.
- Indicar que, en caso de evolución desfavorable, será valorado de novo.
- Teléfono de contacto e enderezo de correo electrónico do cardiólogo consultor.
- Informe de enfermería no que conste o diagnóstico de enfermería.

#### - Modelo informe de derivación a atención primaria

Paciente de **idade** anos, seguido no noso servizo dende **data** e diagnosticado ata o momento de:

CARDIOPATÍA ISQUÉMICA. EVENTO CORONARIO AGUDO.  
ANXINA. FUNCIÓN SISTÓLICA VI. ANATOMÍA CORONARIA.  
PROCEDEMENTOS REVASCULARIZACIÓN REALIZADOS.  
CLASE FUNCIONAL.  
FACTORES DE RISCO CARDIOVASCULAR MAIOR


Descrición do evento que motivo a asistencia. Resultados de principais probas diagnósticas realizadas (ECG, ecocordio, test de isquemia, laboratorio)

Durante o seguimento na nosa consulta presentou unha evolución clínica satisfactoria, mantívose clinicamente estable, asintomático ou con anxina/dispnea clase, non precisou ingresos hospitalarios nos últimos x meses. Realizáronse todas as probas diagnósticas oportunas e recibe unha estratexia terapéutica óptima. Nesta situación non programamos novas revisións no noso servizo, débense realizar controis periódicos por parte do seu médico e enfermeira de Atención Primaria, os que axustarán o tratamento para conseguir obxectivos de PA <130/80 mm Hg, LDL-colesterol <100 mg/dl e HbA1c <7%.

Tratamento que recibe no momento actual

En caso de evolución desfavorable, volveremos valoralo. Para iso, indicámoslle o teléfono e o enderezo electrónico do seu cardiólogo consultor, Dra. Teléfono 981 950 ///, Enderezo-e: nome.apellido.apellido@sergas.es


SEGUIMIENTO DA C. ISQUÉMICA ESTABLE EN ATENCIÓN PRIMARIA



### 3D. TRATAMIENTO EVENTOS CV E DESCOMPENSACIONES


A última fase do proceso contempla o tratamento de novos eventos e das descompensacións, tal como pode verse na figura 5.

Figura 5. Fases do proceso de cardiopatía isquémica crónica




O cardiólogo volve valorar o paciente no caso de que se produza un **novo evento ou unha descompensación**. A figura esencial para xestionar a reavaliación de pacientes con cardiopatía crónica estable seguidos en atención primaria e que presentan unha descompensación é o **cardiólogo consultor de Atención Primaria**. Os médicos de Atención Primaria da área teñen a posibilidade de contactar con eles de forma directa, vía telefónica ou por correo electrónico. No momento actual existen tres consultores entre os que se repartiu a área sanitaria de forma proporcional.

REVALORACIÓN PACIENTES CON EVOLUCIÓN DESFAVORABLE







4. SISTEMAS DE INFORMACIÓN




## 4- SISTEMAS DE INFORMACIÓN

---

Os sistemas de información comúns son básicos para asegurar a continuidade asistencial entre niveis. No noso caso, o sistema IANUS é unha ferramenta fundamental que permite esta función. É necesario crear unha **base de datos clínica da consulta de Cardiología** con conexión a IANUS, que permita medir o proceso coa intención de melloralo e tamén co obxecto de favorecer a investigación clínica.





## 5. CALIDADE



## 5- CALIDADE

É necesario incluír indicadores que nos permitan medir o proceso en termos de cantidade, calidade e custo. Para a medición dos indicadores de calidade propostos, utilizaranse os sistemas de información deseñados especificamente para o proceso (base de datos de consulta) e os sistemas de información do CHUS.

### INDICADORES DO PROCESO

| INDICADOR  | TIPO      | FÓRMULA  | ESTANDAR  | FONTE INFORMACIÓN   | PERIODICIDADE | RESPONSABLE  |
|--|-----------|--|-----------|---|---------------|--|
| Diagnóstico de CI positivo (test isquemia ou coronariografía) entre os doentes derivados dende AP por dor torácica | Resultado | $\frac{\text{Nº pacientes con test isquemia ou coronariografía (+)}}{\text{Nº pacientes derivados a CAU dende AP por dor torácica}} \times 100$                            | >30 %     | Base de datos CAU e IANUS   | Anual         | S. Cardioloxía (coordinador/a CAU e coordinador/a consultas)         |
| Demora en consulta en doentes derivados dende AP por dor torácica  | Proceso   | Data solicitude consulta - Data de consulta, en días   | < 30 días | Base de datos CAU (listado doentes consultados por dor torácica) e programa clínica         | Semestral     | S. Cardioloxía e S. Admisión   |
| Implicación de doentes ingresados por SCA en programa educativo  | Proceso   | $\frac{\text{Nº doentes que asisten a sesións e aos que se dá folleto educativo}}{\text{Nº doentes ingresados por SCA en S. Cardioloxía}} \times 100$                      | >75%      | Bases CMDB (todos os códigos relacionados con SCA) Rexistro de enfermería de S. Cardioloxía | Anual         | S. Admisión (Codificación) e S. Cardioloxía (Supervisión Enfermería) |
| Derivación para seguimento en AP de doentes ingresados por SCA   | Proceso   | $\frac{\text{Nº doentes ingresados por SCA en ano previo en S. Cardioloxía, sen cita para cardiología}}{\text{Nº de doentes ingresados por SCA en ano previo}} \times 100$ | >80%      | Bases CMDB (todos os códigos relacionados con SCA) Programa clínica                         | Anual         | S. Admisión (Codificación)   |

**INDICADORES DO PROCESO (cont.)**

| INDICADOR   | TIPO      | FÓRMULA   | ESTANDAR   | FONTE INFORMACIÓN  | PERIODICIDADE | RESPONSABLE  |
|---|-----------|---|--|--|---------------|--|
| Tratamento médico óptimo en doentes con SCA   | Resultado | Nº doentes ingresados por SCA en ano previo e seguidos en consulta de Cardioloxía que recibe antiagregantes, estatinas, IECA/ARA (sen contraindicación) e betabloqueantes sen contraindicación<br>----- x 100<br>Nº de doentes ingresados por SCA en ano previo | Antiagreg > 90%<br>Estatinas > 90%<br>IECA/ARA > 80%<br>Betabloq > 80% | Mostra aleatoria 50 doentes entre os ingresados por SCA en ano previo seguidos en consulta cardioloxía, bases CMBD e IANUS | Anual         | S. Admisión (Codificación)<br>S. Cardioloxía (coordinador/a consultas)                                 |
| Cumprimento de obxectivos terapéuticos en doentes con SCA                                   | Resultado | Nº doentes con SCA derivados a AP para seguimento con niveis de TA < 140/90, LDL < 100, IMC < 30<br>----- x 100<br>Nº doentes con SCA derivados a AP para seguimento  | TA < 140/90 > 90%<br>LDL < 100 > 90%<br>IMC < 30 > 80%                 | Mostra aleatoria 100 doentes entre os ingresados por SCA en ano previo derivados para seguimento en AP                     | Anual         | S. Codificación e Atención primaria (Facultativos e personal de enfermería responsables dos pacientes) |
| Reevaluación por medio de cardiologo consultor de doentes con CI con seguimento en primaria | Proceso   | Nº doentes con CI seguidos en AP avaliados por cardiologo consultor en último ano<br>----- x 100<br>Nº doentes con CI derivados para seguimento en primaria no último ano   | A determinar   | Programa clínica e registros cardiologo consultor  | Anual         | S. Cardioloxía e S. Admisión   |
| Reingresos por SCA en doentes con CI derivados para seguimento en AP                        | Resultado | Nº doentes con CI derivados para seguimento en AP no último ano ingresados por SCA no ano seguinte<br>----- x 100<br>Nº doentes con CI derivados para seguimento en AP no último ano  | A determinar   | Bases CMBD (todos os códigos relacionados con SCA)<br>Programa clínica   | Anual         | S. Admisión (Codificación)   |



6. PROGRAMA DE EDUCACIÓN SANITARIA  
EN PACIENTES CORONARIOS  
NA ÁREA CV DO CHUS



## 6- PROGRAMA DE EDUCACIÓN SANITARIA EN PACIENTES CORONARIOS NA ÁREA CV DO CHUS

---

### 1- INTRODUCCIÓN

A intervención educativa hase de entender como un proceso continuo que se inicia, na maioría dos casos, durante o ingreso hospitalario e que se debe manter durante todo o período de seguimento, inicialmente en consultas de Cardioloxía e finalmente en Atención Primaria,

A **enfermería implicada** será a da Unidade Coronaria, a da planta de hospitalización de Cardioloxía, a das consultas de Cardioloxía e a enfermería de Atención Primaria. É importante, pois, que o programa que se vai aplicar sexa común e consensuado, coa intención de manter a continuidade nas mensaxes, dirixidas en especial a fomentar hábitos saudables, a adherencia ao tratamento e o autocontrol.

O programa educativo está dirixido aos pacientes, aos seus cuidadores e aos familiares.

### 2- OBXECTIVO XERAL DO PROGRAMA EDUCATIVO

- Axudar o paciente a recuperar o máximo nivel de funcionalidade e independencia para mellorar a súa calidade de vida, tanto no aspecto físico como psicolóxico.

### 3- OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DO PROGRAMA EDUCATIVO

- Reducir os síntomas cardíacos e as posibles complicacións.
- Optimizar a terapia medicamentosa mediante unha boa adherencia ou cumprimentación terapéutica.
- Fomentar a independencia por medio do autocontrol.
- Reducir o número de hospitalizacións.
- Estabilizar ou reverter a aterosclerose.
- Preparar o paciente para o seu regreso ao traballo, axudándolle a facer fronte ás necesidades físicas ou psicolóxicas que ten a súa ocupación.

#### 4. ESTRUCTURA DO PROGRAMA EDUCATIVO:

##### **Módulo I. O corazón como órgano vital:**

- Como funciona?
- Que me pasou?
- Probas diagnósticas

##### **Módulo II. Tratamento farmacolóxico:**

- Adherencia
- Que facer en caso de dor
- Precaucións

##### **Módulo III: Viaxes**

- Cando reiniciar a condución de vehículos
- Vacacións/ocio
- Tratamento e vacacións

##### **Módulo IV: Actividade sexual**

- O sexo despois do infarto
- A parella tamén conta
- Precaucións e consellos básicos
- Papel dos medicamentos

##### **Módulo V: Actividade física/deportes:**

- Importancia da actividade física na diminución dos factores de risco
- Como e cando empezar
- Tipo de actividades

#### 5- METODOLOXÍA

- Impartiranse clases de educación para a saúde que axuden o paciente a axustar ou modificar o seu estilo de vida e os seus costumes.
  - Sesións de curta duración impartidas polo persoal da unidade previas á alta e dirixidas aos pacientes e familiares.

- Realizárase a educación grupal ou individual, dependendo das características de cada paciente.
- Entregaranse folletos con recomendacións de enfermería (elaborados na unidade) para reforzar as clases de educación para a saúde.

## **6- CONTROL DE CALIDADE DO PROGRAMA EDUCATIVO**

---

Seguindo os obxectivos do Plan de calidade do CHUS, recollido dentro do Plan estratéxico, propónse realizar un control de calidade desta intervención educativa nunha dobre vía, como calidade percibida en termos de satisfacción do paciente e un **control de calidade da propia intervención**.


**Calidade percibida:** avaliarase mediante **enquisas de satisfacción** realizadas a mostras significativas de pacientes cada seis meses.

**Calidade da intervención:** para a súa avaliación propóñense:

**Porcentaxe de pacientes (coidadores e familiares) ingresados por SCA que acoden ás sesións educativas.** Como método de medida propónse realizar un rexistro de sesións no que se recolla o número de asistentes, realizando unha avaliación semestral da porcentaxe de pacientes. Esta porcentaxe debe ser superior ao 75%.

**Porcentaxe de pacientes (coidadores e familiares) atendidos en consultas de Cardioloxía tras a alta hospitalaria que acoden ás sesións educativas.** Como método de medida propónse realizar un rexistro de sesións no que se recolla o número de asistentes, realizando unha avaliación semestral da porcentaxe de pacientes.





## 7. BIBLIOGRAFÍA



## 7- BIBLIOGRAFÍA

---

- Steg PG, Bhatt DL, Wilson PW, D 'Agostino R Sr, Ohman EM, Röther J et al. REACH Registry Investigators. One-year cardiovascular event rates in outpatients with atherothrombosis. *JAMA*. 2007; 297: 1197-206.
- Guías de práctica clínica sobre prevención da enfermidade cardiovascular: versión resumida. Cuarto Grupo de Trabajo Conxunto da Sociedade Europea de Cardiología e outras Sociedades sobre Prevención da Enfermidade Cardiovascular na Práctica Clínica. *Rev Esp Cardiol*. 2008;61:e1-e49.
- Guías de práctica clínica para o tratamento da hipertensión arterial 2007. Grupo de Trabajo para o Tratamento da Hipertensión Arterial da Sociedade Europea de Hipertensión (ESH) e da Sociedade Europea de Cardiología (ESC). *Rev Esp Cardiol*. 2007; 60: 968. e1-e94.
- Guía sobre o manexo da anxina estable. Versión resumida. Grupo de Trabajo da Sociedade Europea de Cardiología sobre o Manexo da Anxina Estable. *Rev Esp Cardiol*. 2006; 59: 919-70.



ORGANIZACIÓN DEL  
PROCESO ASISTENCIAL DE  
**CARDIOPATÍA ISQUÉMICA  
CRÓNICA**

EN EL ÁREA DEL COMPLEXO  
HOSPITALARIO UNIVERSITARIO  
DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Documento consensuado entre el Servicio de Cardiología y  
Atención primaria de Santiago y Pontevedra.



SERVIZO  
GALEGO  
de SAÚDE

**Complexo Hospitalario Universitario  
de Santiago de Compostela**  
Santiago de Compostela



## **Equipo de trabajo**

José Ramón González Juanatey,  
*Servicio de Cardiología del CHUS.*

Alfonso Varela Román,  
*Servicio de Cardiología del CHUS.*

Pilar Mazón Ramos,  
*Servizo de Cardioloxía do CHUS.*

María Victoria Reino Maceira,  
*Servicio de Cardiología del CHUS.*

Carmen Otero Barreiro,  
*Servicio de Cardiología del CHUS.*

Luís Meijide Calvo,  
*Xerencia Atención Primaria de Pontevedra.  
Centro de Saúde da Estrada.*

Jesús Sueiro Justel,  
*Xerencia Atención Primaria de Santiago.  
CS Concepción Arenal de Santiago de Compostela.*

Manuel Portela Romero,  
*Xerencia Atención Primaria de Santiago de Compostela.  
Centro de Saúde de Padrón.*

María Fernanda Beceiro Díaz,  
*Enfermera de A Estrada.*



## ÍNDICE

---

|   |         |
|---|---------|
| 1- ANÁLISIS DE SITUACIÓN .....                        | Pág. 59 |
| 2- ELEMENTOS IMPLICADOS Y FILOSOFIA DEL PROCESO ..... | Pág. 63 |
| 3- FASES DEL PROCESO .....                            | Pág. 67 |
| A- DIAGNOSTICOS Y ESTRATIFICACIÓN DE RIESGO .....     | Pág. 67 |
| B- INSTAURACIÓN DE TRATAMIENTO ÓPTIMO .....           | Pág. 70 |
| C- SEGUIMIENTO Y PREVENCIÓN EVENTOS CV .....          | Pág. 75 |
| D- TRATAMIENTO EVENTOS CV Y DESCOMPENSACIONES .....   | Pág. 80 |
| 4- SISTEMAS DE INFORMACIÓN .....                      | Pág. 85 |
| 5- CALIDAD .....                                      | Pág. 89 |
| 6- PROGRAMA EDUCATIVO EN PACIENTES CORONARIOS .....   | Pág. 93 |
| 7- BIBLIOGRAFÍA .....                                 | Pág. 99 |






## 1. ANÁLISIS DE SITUACIÓN



## 1- ANÁLISIS DE SITUACIÓN

